



A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca 2.495 prazas para realizar actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado no ano 2012.

Destinatarios:

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, na Comunidade Autónoma Galega, de:

- 6º EP.
- 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- 1º e 2º Bacharelato.
- Ciclos formativos de grao superior con módulo de lingua estranxeira.

Requisitos:

- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/a nalgunha prohibición para a subvención.
- Nota mínima na área, módulo ou materia de lingua estranxeira de Ben ou 6.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2010/2011.
- Ter DNI, NIE, pasaporte, visado ou tarxeta de residencia en vigor, segundo corresponda. Exento o alumnado de 6º de EP.

**Prazo aberto do
6 de marzo ata o
7 de abril (ambos
incluídos)**

	MODALIDADE	DURACIÓN	RÉXIME ALOXAMENTO	Nº PRAZAS	CUSTO POR PRAZA (€)	Achega das familias (€)			
						GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
CICLOS FORMATIVOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL				15					
	INGLÉS EN CANADÁ	3 semanas	Familia	10	2.360	350	590	1.062	1.416
	ALEMÁN EN ALEMAÑA	3 semanas	Familia/Residencia	5	1.900	275	475	855	1.140
2º BACHARELATO				170					
	INGLÉS EN CANADÁ	3 semanas	Familia	70	2.360	350	590	1.062	1.416
	INGLÉS NO REINO UNIDO	3 semanas	Familia	70	1.900	275	475	855	1.140
	FRANCÉS EN FRANCIA	3 semanas	Familia/Residencia	30	1.900	275	475	855	1.140
1º BACHARELATO				300					
	INGLÉS EN CANADÁ	3 semanas	Familia	125	2.360	350	590	1.062	1.416
	INGLÉS NO REINO UNIDO	3 semanas	Familia	125	1.900	275	475	855	1.140
	INGLÉS EN CANADÁ (integración)	4 semanas	Familia	20	2.950	400	738	1.328	1.770
	FRANCÉS EN FRANCIA	3 semanas	Familia/Residencia	30	1.900	275	475	855	1.140
4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA				300					
	INGLÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	270	850	125	213	383	510
	FRANCÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	30	850	125	213	383	510
3º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA				400					
	INGLÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	370	750	110	188	338	450
	FRANCÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	30	750	110	188	338	450
2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA				400					
	INGLÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	370	750	110	188	338	450
	FRANCÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	30	750	110	188	338	450
1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA				400					
	INGLÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	400	750	110	188	338	450
6º EDUCACIÓN PRIMARIA				510					
	INGLÉS EN GALICIA	2 semanas	Residencia	510	750	110	188	338	450
				Total prazas:	2.495				

1º COMO SOLICITAR A AXUDA (só on line)

Entra no web do programa, <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

1. Le a orde de convocatoria que atoparás no web.
2. Entra na sección '2. Solicitar axuda' e cubre o formulario.
3. Grava o formulario e despois imprímelo.
4. A solicitude e os anexos teñen que ser asinados nos espazos indicados a tal fin. Despois terás que remitirnos os orixinais.
5. Presenta a solicitude, anexos e o as copias do resto da documentación nun rexistro oficial ou envíasas a través de Correos (sobre aberto para que o/a funcionario/a de Correos sele a solicitude), tal e como se indica no artigo 5º da convocatoria.

2º DOCUMENTACIÓN QUE TES QUE PRESENTAR

- Anexo I, dependendo do curso no que esteas matriculado. Ten que estar asinado polo solicitante.
- Anexo II. Ten que estar asinado polo pai/nai, titor/a.
- Anexo III. Ten que estar asinado.
- Anexo IV, no caso de familias nas que conviva co alumnado un só proxenitor, asinado. Acompañarase da xustificación documental das circunstancias alegadas.
- Certificación de matrícula do curso 2011-2012 e académica do curso 2010-2011, con cualificacións e media, tal como indica o punto 1. do Artigo 7º da Orde de convocatoria.
- Fotocopias dos DNI/NIE do pai e da nai ou dos titores do/a alumno/a, exceptuando o alumnado menor de 14 anos.
- Fotocopia de todas as follas cubertas do libro de familia.

Outra documentación, de ser o caso, para circunstancias familiares especiais:

- Fotocopia do título de familia numerosa en vigor.
- Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía ou certificado de pensión de grande minusvalidez.

3º PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

- Comproba periodicamente, na páxina do programa, o estado da túa solicitude na sección 3.
- Unha vez finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, publicaranse as primeiras listaxes. Terás un prazo de 10 días naturais, despois desta publicación, para emendar erros e presentar a documentación requirida, que poderás consultar, mediante identificación do DNI/NIE, no web da convocatoria. De non presentar a dita documentación, as condicións alegadas e non xustificadas non serán tidas en conta.

4º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS

- Comprobar no web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> que estás nas listaxes. Estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.
- Abrírase un prazo de 10 días naturais para formular reclamacións.

5º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS

- No caso de estar na listaxe de seleccionados terás que enviar nun prazo de 10 días naturais a seguinte documentación:
 1. Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo V.
 2. Xustificante bancario do pago á empresa adjudicataria.
 3. Copia compulsada do pasaporte ou visado en vigor, no caso do alumnado que vaia ao estranxeiro.
 4. Declaración segundo o anexo III.

- Deberás enviala por correo certificado con xustificante de recepción (sobre aberto e selado) ao enderezo:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Edf. Administrativo de San Caetano s/n
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Non realizar o pagamento da achega familiar no prazo indicado, implica que renuncias á axuda.

NOTA ACLARATORIA Á ACEPTACIÓN DA AXUDA

- Unha vez aceptada a axuda (pago da achega familiar), a renuncia posterior implicará pagar o importe total do custo da actividade, como se establece no artigo 13º da Orde de convocatoria.
- No caso de abandono do programa sen rematar, deberás facerte cargo do pagamento dos gastos ocasionados (regreso e custo total da actividade).
- No caso de expulsión do programa, deberás facerte cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da actividade e, de ser o caso, dos gastos

*ACHEGA FAMILIAR

Para a catalogación dentro dun dos 4 grupos correspondentes á achega familiar, aplicarase o procedemento indicado no Anexo VII. A puntuación poderá ser ata 20 puntos pola renda, ata 10 puntos pola nota media, 2 puntos por familia numerosa, 2 puntos por minusvalía e 1 punto se non fuches beneficiario no ano 2011.

CONSULTAS

Web da convocatoria: <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

Enderezo electrónico: axudasle@edu.xunta.es

Atención telefónica: 981957296 - 981546544 - 881997497 - 981597538 - 981546503